



UNION EUROPEA  
FONDO SOCIAL EUROPEO  
"O FSE inviste no teu futuro"



XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA



Estrada s/n  
27211 Guntín - Lugo  
Tfno. 982 870 363  
cpi.tino.grandio@edu.xunta.es

## CARTA ÁS FAMILIAS



**25 DE NOVIEMBRE:**

**DÍA DA NON VIOLENCIA DE XÉNERO**

Estimadas familias, con motivo da celebración do día da non violencia de xénero o próximo venres, 23 de novembro, haberá unha exposición dos traballos realizados polo alumnado no Centro.

Agradeceríamos moito que dende as familias tamén se traballase nesta temática, por desgracia, de tanta actualidade na nosa sociedade.

Xuntos, escola e familia, debemos intentar empuxar no cambio da nosa sociedade para facela mellor aínda que ás veces é unha tarefa ben difícil.

Dende o centro educativo pedímosvos axuda, colaboración: vinde ao Centro e participade.

Contádelles ás vosas fillas/os o que é a violencia de xénero. Decídelles que se trata dunha violencia que afecta ás mulleres polo feito de ser muller, que é un atentado contra a integridade, a dignidade e a liberdade das mulleres, independentemente do lugar onde teña lugar.

Decídelles que violencia de xénero é calquera acto violento ou agresión, baseados nunha situación de desigualdade no marco dun sistema de relación dominado polos homes sobre as mulleres que teña o poida ter como consecuencia un dano físico, sexual ou psicolóxico, incluídas as ameazas sucedan onde sucedan.

A violencia é unha estratexia de relación aprendida, non é innata, non se nace con ela.

Para previr hai que:

- Educar dende as idades máis temperás, nunha cultura centrada na resolución pacífica de conflitos, fomentando a empatía e desenvolvendo unha autoestima equilibrada, estes principios favorecen a desaparición dos prexuízos de xénero que se dan xa dende a escola.
- Eliminar ao máximo os estereotipos transmitidos pola cultura patriarcal. Ensinar a "ser persoa" en lugar de ensinar a ser "home" ou a ser "muller" e así desterrar mitos como que a agresividade é un rasgo masculino ou que a sumisión, o silencio, a obediencia... son rasgos femininos, son obxectivos da coeducación.
- Evitar menosprezar ás persoas que non se adaptan a modelos dominantes.
- Ensinar ás persoas, dende que nacen, a expresar os sentimentos e emocións xa que é unha forma de enriquecer as relacións persoais e favorece a resolución pacífica de conflitos. O diálogo, o acordo, a negociación... e non a violencia física ou verbal.

Dito isto pedímosvos colaboración: Queremos facer un mural coas aportacións das familias. Por favor, a través dos vosos fillos e das vosas fillas, **facédenos chegar:**

1. Unha proposta de título para o mural das familias.
2. O que queirades que apareza no dito mural (fotos, recortes, debuxos, frases... o que cada familia queira aportar).

APORTACIÓNS QUE MANDAREIS POLOS VOSOS FILLOS/AS E BAIXO O LEMA DE **NON Á VIOLENCIA DE XÉNERO.**

**VIDE O VENRES 23 VER O TRABALLO EXPOSTO  
MOITAS GRAZAS**